



## **CIRCULAR 1/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, sobre determinados aspectos académicos derivados da implantación do primeiro curso das ensinanzas de grao en Arte Dramática.**

A orde do 30 de setembro de 2010 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Grao en Arte dramática na Comunidade Autónoma de Galicia e regula o acceso ao dito grao.

A circular 9/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e Ensinanzas Especiais xa establecía instrucións para a posta en marcha e o desenvolvemento do novo plan de estudos no curso escolar 2010/2011, e cómpre agora ditar novas instrucións para regulamentar diversos aspectos organizativos afectados nese proceso de implantación do novo plan de estudos.

As presentes instrucións serán de aplicación na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

### **1. Extinción do plan de estudos e incorporación ás novas ensinanzas.**

1.1. No curso académico 2010/2011 non se realizará matrícula nova, para as materias de 1º curso do plan de estudos establecido no Real Decreto 754/1992, do 26 de xuño, e regulado na Comunidade Autónoma de Galicia polo Decreto 220/2005, do 7 de xullo. Unicamente poderá realizar a matrícula o alumnado con materias pendentes e para as materias correspondentes.

1.2. O alumnado con materias pendentes do curso 1º correspondentes ao plan a extinguir, poderá incorporarse como ouvinte nos grupos de docencia do plan de estudos que se implanta, e naquelas materias que resulten ter a mesma ou similar denominación e descriptor de contidos, tanto no plan de estudos que se extingue como no que se implanta. No caso de que non fose posible esta adecuación, a Xefatura de estudos e os departamentos correspondentes establecerán os mecanismos que garantan as medidas de atención, orientación e titoría académica para este alumnado, e a dirección tomará as medidas oportunas para o correcto exercicio dese dereito.



- 1.3. O alumnado con materias pendentes de 1º curso, correspondentes ao plan a extinguir, poderá concorrer á convocatoria ou convocatorias extraordinarias que se realicen no centro ao efecto de superar estas materias. Os alumnos e alumnas que deban presentarse a estas convocatorias, poderán solicitar renuncia á convocatoria mediante o procedemento e prazo que o centro estableza. En calquera caso, as convocatorias sumaranse ás consumidas, mantendo o número máximo de catro, á que se poderá engadir a convocatoria de graza no seu caso. A administración educativa poderá realizar as convocatorias que estime oportunas para facilitar que rematen os estudos aqueles alumnos e alumnas que acrediten non ter consumido as convocatorias anteditas. En todo caso a data límite para exercer ese dereito será a establecida no Real Decreto 630/2010, do 14 de maio, que prevé a extinción definitiva desas ensinanzas en 2015.
- 1.4. Segundo o previsto no Real Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se establece o Regulamento orgánico dos centros de secundaria, e nos seus artigos 73, apartado h), e 75, apartado h), os departamentos didácticos deberán elaborar as probas ordinarias e extraordinarias a que se refire o apartado anterior. A xefatura de estudos en coordinación coas persoas responsables da xefatura dos departamentos establecerá o calendario das ditas probas, debendo o departamento establecer o desenvolvemento das mesmas, así como os criterios de avaliación que correspondan.
- 1.5. Segundo o establecido na disposición adicional cuarta do Real Decreto 630/2010, do 14 de maio, o alumnado que teña iniciado os seus estudos segundo o plan establecido no Real Decreto 754/1992, do 26 de xuño, poderá continualos ata rematalos, ate o curso 2014/2015. O alumnado que non os tivera rematado nesa data poderá incorporarse ás ensinanzas reguladas polo Real Decreto 630/2010, do 14 de maio, segundo o establecido no mesmo.

## **2. Incorporación de alumnado procedente do plan de estudos anterior.**

- 2.1. Segundo o previsto na disposición adicional cuarta do Real Decreto 630/2010, do 14 de maio, o alumnado que tendo cursado materias do plan de estudos a extinguir regulado polo Real Decreto 754/1992, do 26 de xuño, desexe incorporarse ao plan de estudos regulado polo Real Decreto 630/2010, poderá solicitar o recoñecemento de créditos e materias do plan novo,



- por créditos de materias de contido e carga lectiva análogos ás cursadas no plan a extinguir
- 2.2. O recoñecemento de créditos das materias farase de xeito individualizado, segundo o procedemento que segue:
- a) O interesado dirixirá solicitude de recoñecemento á dirección do centro.
  - b) A dirección trasladará a solicitude ao departamento ao que estea adscrita a materia da que se pretende o recoñecemento.
  - c) O departamento emitirá un informe, positivo ou negativo, tendo en conta a analoxía de contidos e os créditos das materias cursadas e das que se pretende o recoñecemento.
  - d) A dirección, recibido o informe do departamento, e á vista do mesmo, trasladará informe propio á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, que emitirá a resolución que corresponda, que se comunicará ao centro e aos interesados.
- 2.3. O cambio de plan de estudos só poderá facerse cando se solicite realizar para a mesma especialidade e, de ser o caso, itinerario.

### **3. Calendario de probas e avaliacións.**

- 3.1. De acordo co carácter das materias do currículo dos estudos de Grao en Arte dramática, regulado na orde do 30 de setembro de 2010, o alumando disporá dunha convocatoria ordinaria e outra extraordinaria para a avaliación das aprendizaxes.
- 3.2. A convocatoria para a avaliación ordinaria das materias cuadrimestrais realizarase unha vez finalizado o cuadrimestre no que se cursaron, e a avaliación das materias anuais realizarase unha vez finalizado o segundo cuadrimestre.
- 3.3. A convocatoria para a avaliación extraordinaria das materias cuadrimestrais e anuais realizarase entre os días 4 e 15 de xullo de 2011.
- 3.4. Na organización do calendario escolar da escola estableceranse dous períodos lectivos correspondentes ao primeiro e ao segundo cuadrimestre, procurando en todo momento un reparto equitativo da carga lectiva. Ao remate de cada un deles establecerase un período lectivo para a realización de probas e para a presentación pública de mostras e traballos escénicos, segundo o establecido nas guías docentes de cada materia e na programación xeral do curso académico.



#### **4. Mobilidade do alumnado.**

Para o recoñecemento e transferencia de créditos cursados noutras especialidades e/ou comunidades autónomas, serán de aplicación as normas previstas no artigo 10 do Real Decreto 630/2010, do 14 de maio. O procedemento para o recoñecemento de créditos será o mesmo que se establece no apartado 2 da presente circular.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2011.

O director xeral de Educación,  
Formación Profesional e Innovación Educativa



Asdo.: José Luis Mira Lema